

PREGO DE CONDICIONS TECNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO EN RÉXIME DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DOS APARCADOIROS SOTERRADOS DA RUA JENARO DE LA FUENTE E AVDA DE CASTELAO. Expediente 1789-449

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

O contrato ten por obxecto a xestión, explotación e mantemento dos aparcadoiros soterrados públicos situados na rua Jenaro de la Fuente e na avenida de Castelao, en réxime de concesión de servizo.

A capacidade dos aparcadoiros é a seguinte:

- Jenaro de la Fuente: 457 prazas
- Castelao: 404 prazas

En todo caso se reservarán, en cada un dos aparcadoiros, das prazas de vehículos automóbiles un mínimo de:

- 6 prazas para minusválidos. Estas prazas, convenientemente sinalizadas, localizaranse preto das saídas peonís.
- 5 prazas para vehículos híbridos ou eléctricos con dispositivo de carga.

Reservaranse para abonos de 24 horas como mínimo o 15 % das prazas dos aparcadoiros. Estas prazas poderán ser ofertadas temporalmente en rotación cando non exista demanda para as mesmas.

Poderán outorgarse prazas en réxime de cesión de uso polo prazo máximo de duración da concesión.

No entanto, os licitadores poderán propor no proxecto de xestión dos aparcadoiros o desenvolvemento nos mesmos de usos compatibles aínda que impliquen unha diminución das prazas de aparcadoiro, sempre e cando non estean prohibidos pola normativa urbanística vixente e sexan compatibles co uso de aparcamento segundo a normativa sectorial que sexa de aplicación.

2.- CONDICIONS DE FUNCIONAMENTO .

A) Horario

O aparcadoiro debera permanecer aberto 24 horas todos os días do ano excepto por causa de forza maior.

Calquera peche parcial das instalacións por reformas ou mantemento debera ser previamente notificado ao Concello, aprobado polo mesmo e deberá prever , no seu caso o mantemento das prazas destinadas a abonados, modificando se fose necesario a distribución das mesmas durante o período provisional de peche parcial para garantir o dereito ao disfrute das prazas .



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:29

Páxina 1 de 8

Aprobado en Xunta de Goberno do 05/03/2018

CSV: 2DE24-28B5A-4ECE-2E4B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

B) Accesos

O acceso ao aparcadoiro implica a dispoñibilidade de prazas libres para estacionamento dos vehículos e así farase constar nos letreros luminosos situados nos accesos ao mesmo nos que figurara a información “ libre “ ou “completo “

C) Peches dos accesos peonais e de vehículos

Poderá autorizarse, por medida de seguridade, o peche dos accesos peonais e de vehículos, non obstante os peonais poderán utilizarse como saídas de emerxencia.

-O horario de peche e as condicións do mesmo, serán fixadas polos Servizos Técnicos correspondentes encargados da inspección da explotación do Concello de Vigo.

-Sinalizárase debidamente os accesos pechados.

D) Uso das prazas

As prazas de estacionamento atribuíranse aos automóviles polo orden da súa chegada, sen reservas nin preferencias de clase algunha e sen que poida ser rexeitado ningún vehículo, agás no caso de que nas prazas de rotación estivese completo o sempre que a súa admisión implicara perigo ou molestia para os demais usuarios.

Exceptúanse as prazas reservadas para minusválidos, que só poderán ser utilizadas por usuarios que xustifiquen tal condición, debendo dispoñer do correspondente distintivo nun lugar visible mentres este usando dita praza.

E) Persoal

O servizo estará dotado de persoal necesario para que a súa prestación se efectúe nas debidas condicións de seguridade e eficacia evitando ao usuario calquera incomodidade, perigo ou demora.

F) Sinalización exterior e interior

O Concesionario establecerá a correspondente sinalización interior horizontal e vertical máis axeitada en cada aparcadoiro, así como as direccións de circulación dos vehículos.

Os Servizos Técnicos do Concello de Vigo establecerán a sinalización vertical exterior máis axeitada ó aparcadoiro.

G) Información de tarifas

O cadro de tarifas vixentes para toda clase de usuarios estará exposto permanentemente e de xeito que sexa facilmente visible polos mesmos, en paneis informativos instalados en cada una das entradas de vehículos. Corresponderán as que se teñan establecido no contrato concesional coas variacións que proceda en cada momento e polas causas previstas no mesmo.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:29

Páxina 2 de 8

Aprobado en Xunta de Goberno do 05/03/2018

CSV: 2DE24-28B5A-4ECEE-2E4B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

H) Follas de reclamacións

Nas oficinas do concesionario e no seu defecto na taquilla, existirán unhas follas de reclamacións para os usuarios, en formato oficial. O concesionario deberá remitir copia das reclamacións presentadas ao Concello no prazo de 10 días naturais dende que as mesmas se presenten, acompañadas do correspondente informe da concesionaria, que servirá de base para a resolución das reclamacións. Nas caixas dos aparcadoiros, en lugar visible, existirá un cartel normalizado indicador da súa existencia .

I) Velocidade

A velocidade máxima de circulación no interior do aparcadoiro e nas súas ramplas de acceso será de 10km/h.

3.- CONDICIONS DE USO

A) O uso das prazas de rotación estará suxeito ao pagamento da tarifa correspondente. O cobro do importe total será o exacto consumido e o sistema de cobro devolverá a cantidade sobranste que corresponda.

B) A ocupación de máis de una praza de estacionamento por un vehículo ou o seu estacionamento de feito que impida a utilización de outras prazas, ben sexa polo seu tamaño, pola súa colocación incorrecta ou calquera outra causa, implicará a obrigatoriedade de abonar a tarifa correspondente ás prazas ocupadas ou nas que se impida o estacionamento doutro vehículo.

C) Os usuarios serán responsables dos danos que causen as instalacións do aparcamento ou a outros vehículos ou usuarios por dolo, culpa, negligencia ou infracción das normas establecidas na lexislación aplicable.

D) As rúas de circulación, zoas peonís e, en xeral, os elementos comúns do aparcadoiro serán de uso común e non poderán ser ocupados por vehículos ou partes dos mesmos, debendo estar estes estacionados de xeito correcto dentro da súa praza, sen saírse das marcas que a delimiten. Tampouco poderán ser engadidos a prazas colindantes para facer estas máis grandes ou cambialas de forma.

E) Todos os usuarios e demais persoas que se atopen no aparcadoiro deberán seguir as indicacións que reciban do persoal de control e vixilancia do mesmo sobre o seu uso, o cal poderá limitar o acceso a determinadas prazas ou modificar as condicións de tráfico do mesmo por causa xustificada que o aconselle .

F) Todos os usuarios, no momento en que se lles permita o acceso ao aparcadoiro, terán dereito a usar as instalacións comúns do mesmo dispostas para tal fin como: accesos peonís, ascensores, servizos, caixeiros automáticos, etc.

G) Dentro do aparcadoiro e nos seus accesos o usuario deberá respectar estritamente: a Lei de Seguridade Vial e as súas normas de desenrolo, a sinalización do tráfico tanto vertical como horizontal, a sinalización indicadora de calquera tipo que instale o concesionario, as indicacións que se fagan por escrito mediante carteis, as indicacións que efectúen verbalmente os empregados do aparcadoiro.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:29

Páxina 3 de 8

Aprobado en Xunta de Goberno do 05/03/2018

CSV: 2DE24-28B5A-4ECEE-2E4B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

4.- MELLORAS NA EXPLOTACIÓN

O Concello, a través do responsable do contrato ou dos seus servizos técnicos, poderá propoñer ao concesionario a introdución de melloras na explotación do aparcadoiro que non supoñan alteración do equilibrio económico-financeiro da concesión. As devanditas melloras, que poderán consistir en cambio de sinalización, cambio de sentido de circulación interior, etc., estarán debidamente razoadas e xustificadas, sendo de obrigado cumprimento para o contratista, sen prexuízo dos recursos que procedan.

5 DATOS ESTADÍSTICOS A SUBMINISTRAR Ó CONCELLO DE VIGO.

Durante o período concesional, o concesionario estará na obriga de facilitar ó Concello de Vigo, cando sexa requirido para elo, cantos datos sexan solicitados sobre o uso do estacionamento e incidencias, así como calquera outro extremo de tipo estadístico, laboral ou fiscal que sexa requirido.

Sen menoscabo do anterior, a información sobre o número de vehículos que entran e saen cada día, duración das estancias e grao de ocupaciónh deberá ser subministrada ó Concello en tempo real, de tal forma que a Administración Municipal poida exercer un adecuado control da concesión e o encamiñamento de vehículos no municipio de acordo coa súa política de mobilidade.

6 INSPECCIONS MUNICIPAIS

1.-O Concello, a través dos seus Servizos Técnicos, inspeccionará a explotación e conservación do aparcadoiro, especialmente no último ano previo á finalización da concesión, momento no que as instalacións reverterán ao Concello en perfectas condicións de uso.

O concesionario obrígase á conservación, mantemento, reparación ou reposición de todas as obras e instalacións vinculadas á concesión debendo prever nos seus custos de mantemento e conservación os correspondentes a unha vixilancia permanente a súa costa.

O concesionario estará obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos do Concello, tamén a través do responsable do contrato, calquera anomalía que se produza na explotación e, en xeral, calquera circunstancia que poda provocar o deterioro do inmovible.

2.-A estes efectos anualmente, será preceptiva a inspección das instalacións por técnico competente que emitirá informe do estado en que se atopan, que será remitido aos Servizos Técnicos do Concello, a través do responsable do contrato.

Durante a execución do contrato o concesionario deberá permitir que en calquera momento o Concello, a través do persoal que designe, poda inspeccionar a explotación e conservación do aparcadoiro.

3.-O persoal inspector irá debidamente identificado e levantarase unha acta da inspección efectuada segundo modelo aprobado polo Concello.

Durante o período concesional do aparcadoiro, o concesionario estará obrigado a facilitar ao Concello, na forma que este determine, cantos datos sexan solicitados sobre o uso e explotación do aparcadoiro.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:29

Páxina 4 de 8

Aprobado en Xunta de Goberno do 05/03/2018

CSV: 2DE24-28B5A-4ECEE-2E4B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

7. CONDICIONS TÉCNICAS DA EXPLOTACIÓN.

A).- Caixeiros

Cada aparcadoiro manterá, polo menos, un recinto destinado a caixa, atendido por persoal do aparcadoiro durante as vinte e catro (24) horas do día e durante todos os días do ano.

Dispoñeranse polo menos dun caixeiro de cobramento automático en cada planta do aparcadoiro, en zonas onde non interfiran co tráfico de vehículos e persoas, e sexan visibles, de doado acceso e estean protexidos. Ademais deberá colocarse sinalización na que se reflicta claramente cal é o súa situación.

B.- Publicidade no interior do aparcadoiro.

A instalación de paneis de publicidade estática no interior do aparcadoiro requirirá a previa autorización do Concello, quen, se é o caso, determinará o tamaño, situación e número destes. En ningún caso se instalarán paneis de publicidade estática nas ramplas e escaleiras de acceso ao aparcadoiro, que poidan ser vistos dende o exterior do aparcadoiro.

C.- Réxime de circulación e estacionamento

O Concello de Vigo poderá modificar libremente o réxime de circulación e de aparcamento no entorno do aparcadoiro sen que o concesionario teña dereito a reclamación algunha. Esta facultade municipal haberá de facerse de xeito que non quede impedida a libre e permanente entrada e saída de vehículos ao aparcamento. Cando por necesidade de ordenación do tráfico ou por outras causas de interese xeral deba quedar pechado o acceso ao aparcadoiro deixándoo temporalmente fóra de servizo, o concesionario non poderá reclamar indemnización algunha. A duración do peche será a mínima necesaria para acadar a finalidade a que responda.

D) .- Servizos hixiénicos.

Dende o punto de vista sanitario, o concesionario deberá manter estas instalacións en correcto estado de conservación, limpeza e desinfección, podendo autorizárselle o seu peche, para garantir os devanditos extremos, polo que calquera usuario que queira entrar neles deberá solicitar, previamente, a correspondente chave na cabina de control. Así mesmo, tamén poderá autorizarse a instalación de fechos nas portas de acceso que unicamente permitirán a súa apertura mediante a introdución da correspondente moeda ou ficha, segundo o caso. A utilización dos mesmos será gratuíta.

E) Servizo de limpeza

O concesionario contratará un servizo limpeza das instalacións do aparcadoiro. Todos os usuarios deberán velar polo bo mantemento do aparcadoiro, e teñen o deber de conservación do bo estado das instalacións evitando calquera deterioro do inmobile. Os usuarios deben poñer en coñecemento do persoal de control e vixilancia do aparcadoiro calquera anomalía que detecten nas instalacións.



F) Servizo de lavado

Poderase contemplar a posibilidade de instalacións dun servizo de lavado, que deberan cumprir as seguintes condicións:

- Posuir todas aquelas autorizacións, licencias e seguros que poideran ser necesarias.
- Instalar nos accesos sinalización suficiente, así como o horario de funcionamento,.

G) Maquinas expendedoras de refrescos e outros artigos

Poderá autorizarse a instalación de máquinas expendedoras, sempre e cando se cumprimenten os seguintes requisitos:

Prohibición de calquera tipo de bebida alcohólica ou de tabaco nas mesmas.

A súa localización efectuarase de tal xeito que non restrinja o acceso dos usuarios ó aparcadoiro, tanto de entrada como de saída.

Para a instalación destas máquinas requirirase a previa autorización municipal.

8. MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS

A conservación das construcións e instalacións, así como o mantemento en constante e perfecto estado de funcionamento, limpeza e hixiene, correrán mentres dure a concesión, a cargo do concesionario, que deberá efectuar a súa costa, as reparacións e traballos de entretemento necesarios, calquera que sexa a súa causa e alcance. Será obriga do adxudicatario manter as infraestruturas e instalacións en axeitadas condicións de uso público. Dita obriga extendese a todos os elementos exteriores.

Do mesmo xeito, o concesionario comprométese a realizar a súa costa calquera adaptación dos seus sistemas, instalacións, sinalización ou calquera outro elemento da explotación que sexa esixible por calquera norma de obrigado cumprimento durante o tempo de vixencia da concesión, especialmente aquelas referidas especificamente aos aparcadoiros públicos.

Serán polo tanto, de conta do concesionario os gastos seguintes:

- a) Conservación e mantemento das construcións, do material e das instalacións.
- b) A súa reparación.
- c) Subministración de auga, enerxía eléctrica, teléfono e gas, se é o caso.
- d) Evacuación de lixos e augas residuais.
- e) Limpeza diaria das instalacións, moi especialmente referido aos accesos públicos e aos elementos exteriores.
- f).- Vixilancia das instalacións.

Todas as tarefas a realizar incluíndo a súa descrición así como a periodicidade con que deben ser realizadas cada unha delas, serán incluídas no programa de conservación, mantemento e reparación que o contratista presentará xunto coa restante documentación esixida para participar na licitación.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:29

Páxina 6 de 8

Aprobado en Xunta de Goberno do 05/03/2018

CSV: 2DE24-28B5A-4ECEE-2E4B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

9.- ABONOS

ABONO MULTIAPARCADOIRO

Os sistemas de pago poderán prever o sistema de abono multiaparcadoiro mediante a utilización dunha tarxeta de prepago, con validez para un determinado número de horas o períodos, que poderá ser utilizada indistintamente en calquera dos aparcadoiros obxecto de concesión.

ABONOS DIURNOS, E NOCTURNOS .

1.-O concesionario poderá establecer dentro do ámbito das súas competencias, discrecionalmente, a conveniencia de dispor abonos diurnos, e nocturnos como forma de prestación do servizo público que presta.

2.-Os horario dos abonos diurnos e nocturnos deberán estar fixados previamente.

3- Os abonos diurnos e nocturnos non terán carácter de reserva de praza, pero o concesionario deberá garantir, en todo caso, que os usuarios con estes abonos unha vez que acceden ó interior do aparcadoiro dispondrán de praza libre para estaciona-lo vehículo.

4 O concesionario facilitará mensualmente ós Servizos Técnicos do Concello responsables do contrato a relación de abonados en estas modalidades

ABONOS 24 HORAS CON RESERVA DE PRAZA.

Reservaranse para abonos de 24 horas como mínimo o 15 % das prazas dos aparcadoiros. Estas prazas poderán ser ofertadas temporalmente en rotación cando non exista demanda para as mesmas.

O concesionario deberá garantir que o usuario comprendido nesta modalidade, unha vez que accede ó interior do aparcadoiro disporá da súa praza libre para poder estacionar o seu vehículo.

Estas prazas que o concesionario debe reservar para abonos deberán estar sinalizadas e agrupadas en áreas concretas do aparcadoiro.

O concesionario facilitará mensualmente ós Servizos Técnicos do Concello responsables do contrato a relación de abonados en esta modalidade.

10.- PRAZAS DE CESION DE USO

A)CESIÓN DAS PRAZAS DE RESIDENTES.

O concesionario podera ceder as persoas físicas o xurídicas que así o soliciten, mediante contrato, o dereito de uso de prazas.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:29

Páxina 7 de 8

Aprobado en Xunta de Goberno do 05/03/2018

CSV: 2DE24-28B5A-4ECEE-2E4B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

B) CONTRATO DE CESIÓN.

O contrato de cesión do dereito de uso subscribirase entre o concesionario e o residente que o solicitase.

Dentro do prazo dun mes contado desde a data da posta en servizo do aparcadoiro, a empresa concesionaria estará obrigada a por en coñecemento do Concello de Vigo a relación de persoas que subscribiron os contratos de cesión de dereito de uso de cada praza e posteriormente todos aqueles contratos que se suscriban .

O titular dun dereito de cesión debera comunicar a matricula do vehiculo do que e titular .

C) TRANSMISIÓN DO DEREITO DE USO.

1.-O titular do dereito de uso que desexe transmitilo, debe solicitalo ó Concello de Vigo. Este informará dita solicitude e dará traslado ó concesionario para que a xestione de conformidade co sinalado neste Prego.

2.- A transmisión voluntaria do dereito de uso pode efectuarse:

a) entre familiares .

Neste suposto debe acreditarse a relacion de parentesco co transmitente.

b) entre non familiares:

Neste suposto a transmisión se efectuara a favor do primeiro que o solicite que reuna os requisitos que no seu caso se fixen, salvo no caso de transmisión de vivenda situada na area de influencia do aparcadoiro, caso no que se podera transmitir a praza o adquirente da vivenda, extremo que debera acreditarse fehacientemente .

3.-A transmisión do dereito de uso das prazas de estacionamento e obrigatoria nos supostos de finamento do titular. Se rexera polas mesmas regras ca transmisión voluntaria.

4.-Os cambios de titularidade que se realicen sen a autorizacion do Concello de Vigo consideraranse nulos constituindo falta grave que será sancionada coa perdida do dereito de uso.

5.- No caso de que non existise ningunha persoa que reuna as condicións indicadas , o titular deberá seguir facendo fronte os compromisos economicos concertados coa empresa concesionaria e os gastos que ocasione no seu caso o mantemento do aparcadoiro, podendo seguir utilizando por si mesmo a praza, sen que este facultado para ceder o arrendar a praza.

D) ARRENDAMENTO.

1.-Os titulares das prazas de estacionamento non poderán arrendar o uso das mesmas.

2.-A ocupación das prazas de estacionamento por vehículos distintos ós declarados será considerada como falta grave e sancionada coa perda do dereito de uso no suposto de que tal feito se produza máis de tres veces no periodo de un ano natural.

E) USO DAS PRAZAS.

En cada praza de estacionamento non poderá permanecer aparcado simultaneamente máis dun vehículo.

FDO: A XEFA DO SERVIZO DE TRANSPORTES: Carmen Pintado Garcia.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:29

Páxina 8 de 8

Aprobado en Xunta de Goberno do 05/03/2018

CSV: 2DE24-28B5A-4ECEE-2E4B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>